

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CENTRO ASOCIADO UNED - A CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNED SÉNIOR NO EXERCICIO 2020**

Santiago de Compostela,

### **REUNIDOS**

#### **Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

#### **Doutra parte:**

Don Germán Carro Fernández, en calidade de director do Centro Asociado UNED- A Coruña (en adiante UNED- A Coruña), con NIF Q1500424E, en nome e representación da mesma, en virtude da Resolución de 15 de xaneiro de 2019, da Universidade Nacional de Educación a Distancia, pola que se delegan competencias.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

### **EXPOÑEN**

I. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

II. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.





III. O Centro Asociado da UNED - A Coruña é un organismo con personalidade xurídica propia e de natureza pública, e en virtude da súa autonomía xurídica, pode establecer con outras Institucións públicas ou privadas, convenios conducentes ao cumprimento dos seus fins, tal como se establece nos artigos 1 e 3 do seu regulamento.

IV. A Consellería de Política Social e UNED- A Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

V. Conforme ós requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, UNED- A Coruña é unha institución pública que desenvolve o programa UNED Sénior en concellos de A Coruña e Lugo. O dito programa presenta certas peculiaridades en relación ás propostas desenvolvidas por outros centros universitarios:

- O programa desenvólvese vinculado ó ámbito rural galego.
- Co programa colaboran activamente distintas administracións públicas de ámbito local e outras entidades.
- As particulares características do medio rural no que se realiza o programa determinan rangos distintivos do alumnado e da metodoloxía empregada, destacando a idade e a combinación da perspectiva académica coa relacional.

VI. Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas, que expidan títulos universitarios que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Política Social e UNED- A Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar no ámbito rural as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.



As actividades programadas para o ano 2020, estanse a desenvolver a pesares da situación sanitaria ocasionada polo COVID-19, de acordo co manifestado na declaración presentada dende a dirección do Centro Asociado da UNED - A Coruña en data 5 de xuño de 2020.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

## **ACORDAN**

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e UNED- A Coruña para a consolidación do programa UNED Sénior, que é unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais. A estes efectos, sempre dentro do marco xeral establecido pola UNED- A Coruña pero facendo uso da flexibilidade que o programa UNED-Sénior adoptou como un dos seus principios reitores, o programa desenvólvese vinculado ó ámbito rural galego, de tal xeito que as clases non se celebran no Centro Asociado UNED- A Coruña (con sedes nas cidades de A Coruña e Ferrol), senón que se desprazan ó ámbito rural para dar cobertura a unha necesidade formativa específica, á que non daban resposta, ata agora, as universidades presenciais, evitándose deste xeito o solapamento de ofertas similares a un mesmo público demandante.

### **SEGUNDA.- Actuacións subvencionables.**

A oferta educativa da UNED-SENIOR no Centro Asociado da Coruña responde, fundamentalmente, aos intereses dos potenciais alumnos e á experiencia de anos anteriores, destacando especialmente as relacionadas coa saúde.

As materias ofertadas, son as seguintes :

- Actividade física a través da Música
- Actividade física e incidencia na saúde
- Cociñando os nosos recursos: Alimentación e Saúde
- Cultura Musical de Galicia
- Cultura Musical e Tradición Oral en Galicia
- Historia da Arte e Patrimonio Histórico



- Informática
- Inglés
- Iniciación á Informática e Internet.
- Iniciación ó aprendizaxe das novas ferramentas tecnolóxicas
- Lanoterapia
- Práctica instrumental: Gaita e Percusión
- Prevención do Deterioro Cognitivo
- Recuperación da Música Popular Lousamiá
- Saberes Labregos e Agroecoloxía
- Historia e Narración Oral para Internet
- Saúde pública e envellecemento

Á vista do perfil do alumnado, considerase oportuno adoptar as seguintes medidas metodolóxicas:

- a) Adaptación dos contidos docentes propostos nas guías didácticas ás particularidades dos grupos de alumnos (idade, nivel de estudos previos, intereses, experiencias previas)
- b) Optar por unha metodoloxía que favoreza partir dos coñecementos previos dos alumnos, o intercambio de opinións e a aplicación á vida diaria dos coñecementos adquiridos.
- c) Favorecer o contacto interpersoal e o coñecemento doutras realidades para paliar o illamento propio do medio rural. Por iso é polo que as clases teóricas nos locais habilitados inicialmente complementáronse con numerosas actividades culturais directamente vinculadas ao contido das materias pero que se realizaban fóra das aulas.

### **TERCEIRA.- Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver a UNED A Coruña, é de 13.860,00 euros.

Segundo a Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará trece mil oitocentos sesenta euros (**13.860,00€**), con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.312E.444.0.



#### **CUARTA.- Obrigas da entidade.**

A UNED - A Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- I. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- II. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- III. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, órgano xestor do convenio, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- IV. Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- V. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercizo das facultades de comprobación e control.
- VI. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- VII. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- VIII. Incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.



IX. No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

X. Diseñar e desenvolver as actuacións do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

XI. Incluír, se é o caso, na súa programación de actividades, aquelas que sexan promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social e estean destinadas, entre outros ámbitos: á promoción da saúde e o benestar, ao desenvolvemento persoal e ciclo vital, á promoción da participación e do voluntariado e ao uso e manexo das novas tecnoloxías.

XII. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

#### **QUINTA.- Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesmo obxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas,





ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### **SÉTIMA.- Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015 e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

#### **OITAVA.- Gastos subvencionables e xustificación**

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2020**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario



que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

No momento da presentación da xustificación do convenio, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2020**, a entidade presentará a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgase con arreglo a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

c) Un detalle de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

d) No seu caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os intereses derivados de estes.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade.

#### **NOVENA.- Modificación, incumprimentos, reintegros e sancións.**

Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en



conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento 11/2009, do 8 de xaneiro.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

#### **DECIMA.- Inexistencia de relación laboral**

A UNED – A Coruña queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A UNED – A Coruña asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio



o dereito ó exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

#### **DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes da UNED- A Coruña. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. O secretario poderá ser un membro do propio órgano, ou ben unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DECIMO SEGUNDA.-Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados. En todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o **10 de decembro de 2020**, establecida na cláusula oitava deste convenio.

#### **DECIMO TERCEIRA.- Obrigas de publicidade**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de



publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Por outra banda a UNED - A Coruña adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En canto ao réxime subvencional e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### **DÉCIMO CUARTA.- Información básica sobre protección de datos persoais.**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, en canto ao réxime subvencional, na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.





A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo dun mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía



administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

O director do Centro Asociado UNED - A  
Coruña

Fabiola García Martínez

Germán Carro Fernández

